



## **A “APDR” ESIXE QUE SE POÑA FIN AOS VERTIDOS NO GAFOS E LÉREZ**

Abonda con revisar as hemerotecas para comprobar que, lamentablemente, a presenza de vertidos contaminantes no río Gafos non é nada novo; con todo, é certo que nos últimos tempos esta situación semella estar adquirindo unhas dimensións moi preocupantes. A reiteración de vertidos nun curto espazo de tempo, a continuidade dalgún destes vertidos e as consecuencias sobre o medio natural, que se fixeron patentes na mortalidade de peixes nos últimos días, debera obrigar ás administracións públicas con competencias neste particular a tomar as medidas urxentes que –dunha vez por todas- eviten que a situación se repita. E debera ser tamén unha chamada de atención ao conxunto da cidadanía, que debe asumir o compromiso de implicarse na defensa activa do medio ambiente, un compromiso que vén demostrando día a día e desde hai xa moitos anos o colectivo Vai polo río.

Por desgraza, esta situación non se da só no río Gafos; dáse tamén no río Lérez, ao que seguen chegando vertidos contaminantes. En efecto, e aínda recoñecendo o traballo de saneamento levado adiante polo Concello de Pontevedra nos últimos anos, moi particularmente no que fai á separación das augas fecais e pluviais, resulta evidente que esta tarefa está aínda sen concluír, o que repercute negativamente sobre a calidade das augas dos ríos Lérez e Gafos e –consecuentemente- da nosa Ría. Non é casual, neste sentido, que as augas da praia fluvial do Lérez sigan recibindo unha cualificación de “insuficiente” nas análises realizadas pola Consellería de Sanidade.

Na APDR descoñecemos de quen é a responsabilidade destes vertidos; descoñecemos se estamos diante de vertidos producidos pola conexión ilegal de vertidos particulares á rede de augas fecais ou se son produto dun mal funcionamento da propia rede coma consecuencia da chegada de augas da chuva que non deberan entrar no colector; non sabemos tampouco cal debe ser o mellor xeito de acometer a solución ao problema. En calquera caso, facemos un chamamento a Xunta e Concello para que, lonxe de botarse en cara uns a outros a responsabilidade da situación, fagan os esforzos necesarios para non perder un minuto máis en acometer a solución a unha situación que require –como xa avanzamos- medidas urxentes; moito nos tememos que non vai existir tal colaboración polo que a solución definitiva vai para largo. Nese caso a responsabilidade será de ámbalas administracións, unha responsabilidade que vai máis alá que a da propia eliminación dos vertidos, pois sen solucionar este problema non será posíbel recuperar o que nunca se debera ter perdido: que Pontevedra volva vivir de cara aos seus ríos e á ría.

Pontevedra, 12 de xullo de 2013

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR